

Referencia da listaxe: LA2505-H05-010-PI-NA-01
Categoría de profesorado: Profesorado substituto
Área de Coñecemento: ANÁLISE XEOGRÁFICA REXIONAL
Departamento: HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA
Sede actuación da comisión: OURENSE. CAMPUS REMOTO

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Ourense o día 20 de abril de 2026 constitúese a comisión arriba indicada coa asistencia de:

Presidente/a: Alberto José Pazo Labrador
Secretario/a: Carlos Alberto Patiño Romarís
Vogal: Elena Pilar de Uña Álvarez

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación das e dos traballadores: _____

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordouse por unanimidade establecer os seguintes criterios de valoración, que complementarán o baremo (Anexo I) á hora de valorar e puntuar os méritos (en número máximo de 10) que presenten as persoas candidatas segundo o recollido no Anexo V:

Titulación(s) básica(s): Grao/Licenciatura en Xeografía, Grao/Licenciatura en Xeografía e Historia
Titulación(s) afín(s): Non hai
Área(s) Afín(s): Non hai

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

Cada un dos apartados deste bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas.

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0% (entre 0% e 50%)

- a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente¹: nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas. Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á listaxe.

¹ No caso de non figurar nota numérica no expediente académico, a comisión acordará unha nota cuantitativa para cada un dos niveis, que será a mesma para todas as persoas candidatas afectadas. No caso de que o expediente académico non estea calculado en base a 10, este será prorrateado.

Matrícula de Honra (10), Sobresaliente (9,0-9,9), Notable (7,0-8,9), Aprobado (5,0-6,9)

A persoa candidata deberá indicar o número de matrículas de honra, sobresaliente, notable e aprobado, así como o número de convocatorias consumidas, e a nota media do expediente sobre 10.....

- b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos
.....
- c) Expediente académico no Mestrado¹: nota media do expediente. A suma dos puntos acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas
Matrícula de Honra (10), Sobresaliente (9,0-9,9), Notable (7,0-8,9), Aprobado (5,0-6,9)
A persoa candidata deberá indicar o número de matrículas de honra, sobresaliente, notable e aprobado, así como o número de convocatorias consumidas, a nota media do expediente sobre 10.....
- d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos
.....
- e) Tese de Doutoramento¹
Sobresaliente "cum laude"-ou Apto "cum laude"- (10), Sobresaliente (9,0-9,9), Notable (7,0-8,9), Aprobado (5,0-6,9)
.....
- f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos
.....
- g) Outros cursos de especialización: máximo de 1 punto
A persoa candidata elegirá o curso de maior relevancia. Terase en conta o nivel do curso, a súa duración, e o carácter da entidade organizadora.....
- h) Outros méritos académicos: máximo de 1 punto
A persoa candidata elegirá o mérito de maior relevancia. Valoraránse, neste apartado, as acreditacións a profesorado universitario (PCD/PPL ou superiores). Valorarase a tesina se fose o caso.....
- i) Avaliación do coñecemento do galego: máximo de 1 punto
Celga 5 ou equivalente: 1
Celga 4 ou equivalente: 0,8
Celga 3 ou equivalente: 0,6
Celga 2 ou equivalente: 0,4
Celga 1 ou equivalente: 0,2

2. EXPERIENCIA DOCENTE

Cada un dos apartados deste bloque (salvo o disposto para os méritos das letras e) e f)) suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas.

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 % (entre 0% e 50%)

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

- a) Docencia universitaria:
- I. 2 puntos por cada curso académico en réxime de dedicación a tempo completo.
 - II. Para a docencia en réxime de dedicación a tempo parcial aplicarase o seguinte prorrato:
 - 1,5 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P6 (180 h).
 - 1,25 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P5 (150 h).
 - 1 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P4 (120 h).
 - 0,75 puntos por cada curso cunha dedicación a tempo parcial P3 (90 h)

Valorarase a docencia universitaria en títulos oficiais (licenciaturas, graos ou mestrados). A persoa candidata debe aportar evidencias da contratación a tempo completo ou parcial. En caso de contratacións de duración inferior a un curso completo se aplicará o prorrateo correspondente. Para docencia universitaria en réxime de profesorado externo (conferenciante convidado) considerarase o número de horas impartidas. Solo se valorará a docencia en el área de Análise Xeográfica Rexional

- b) Docencia **non** universitaria:
- I. 0,125 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
- II. 0,05 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
- A.CEA acorda considerar esta actividade do apartado 2b como experiencia profesional (3b) ...
- c) Titorización de TFGs/TFMs ou similares: 0,2 puntos por traballo supervisado ata o máximo de 1 punto. Dividirase por dous no caso de cotitorización
- Valoraranse os traballos tutorizados relacionados coa área de Análise Xeográfica Rexional.
- d) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.
- Valoraranse o CAP e o Mestrado de Profesorado
- e) Cursos de formación docente recibidos: a persoa candidata poderá presentar ata 3 cursos dos que considere máis relevantes. Cada un deles suporá un mérito independente e poderá ser avaliado ata un máximo de 1 punto
- O curso deberá ser impartido polas universidades ou organismos oficiais. Requírese a xustificación oficial da entidade correspondente. Exclúense cursos só xustificadas polas persoas organizadoras dos mesmos
- f) Cursos de formación docente impartidos: a persoa candidata poderá presentar ata 3 cursos dos que considere máis relevantes. Cada un deles suporá un mérito independente e poderá ser avaliado ata un máximo de 1 punto
- O curso deberá ser impartido nas universidades ou organismos oficiais. Requírese a xustificación oficial da entidade correspondente. Exclúense cursos só xustificadas polas persoas organizadoras dos mesmos
- g) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 punto
- A persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia. Valorarase a participación en proxectos obtidos en convocatorias competitivas (autonómicas/ nacionais/ internacionais) en función da participación como IP ou membro do equipo investigador. A participación terá que ser debidamente xustificada polo organismo oficial correspondente. Non valoraranse as participacións só xustificadas polo IP do proxecto. Aplicarase ata o máximo de 1 punto para o proxecto de innovación docente presentado
- h) Outros méritos docentes: ata o máximo de 1 punto
- A persoa candidata elixirá o mérito de maior relevancia. A participación terá que ser debidamente xustificada polo organismo oficial correspondente e non se valorarán as xustificacións de persoas particulares. Aplicarase ata o máximo de 1 punto para o mérito docente presentado

3. EXPERIENCIA LABORAL E INVESTIGADORA

Cada un dos apartados deste bloque (salvo o disposto para os méritos das letras c) e d)) suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas. Valorarase a experiencia laboral ou investigadora que se axuste ao perfil definido na convocatoria da listaxe.

- ✓ Para outra experiencia laboral ou investigadora relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 50 %.
- ✓ No caso de experiencia laboral ou investigadora non relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

- a) Actividade laboral que **require título universitario**: ata 0,5 puntos por ano. *(entenderanse aquí tamén incluídos os contratos de investigación, bolsas FPI/FPU ou equivalentes). A persoa candidata terá que demostrar de xeito fidedigno a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da listaxe de agarda á que se presenta.*
Valoraranse os contratos de investigación (en función da participación da persoa candidata), as bolsas de FPI/FPU, as bolsas pre ou post doutourais e contratos obtidos en concorrencia competitiva.
- b) Actividade laboral que **non require título universitario**: ata 0,05 puntos por ano. *A persoa candidata terá que demostrar de xeito fidedigno a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da listaxe de agarda á que se presenta.*
A CEA acorda considerar neste apartado a actividade definida no apartado 2b (docencia non universitaria), tendo en conta a modalidade da actividade e o nivel da mesma. Requírese unha xustificación oficial da entidade correspondente.
- c) Publicacións investigadoras: a persoa candidata poderá presentar **ata 3 publicacións** das que considere máis relevantes. **Cada unha delas suporá un mérito independente** e poderá ser avaliado ata un máximo de 1 punto.
Valorarase a calidade de: un artigo publicado en revista especializada nacional/internacional, considerando a indexación da revista (tendo en conta os cuartís de posición nas BBDD); ou dun libro/capítulo de libro publicado con ISBN, considerando a indexación da editorial (tendo en conta os cuartís de posición no SPI); ou de unha aportación a congreso publicada, considerando seu carácter autonómico/nacional/internacional, só no suposto onde se acredite a existencia dun comité organizador e dun comité científico, e a indexación da editorial. No caso de multiautoría, se dividirá a puntuación polo número de autores/as. Os traballos aceptados mais non publicados non serán valorados. Non se valorarán os libros que sexan editados pola propia persoa candidata, ou por empresas de reprografía, copisterías, librerías, empresas de artes gráficas ou similares.
- d) Proxectos de investigación: a persoa candidata poderá presentar **ata 3 proxectos** dos que considere máis relevantes. **Cada un deles suporá un mérito independente** e poderá ser avaliado ata un máximo de 1 punto.
Valorarase a participación debidamente xustificada polo organismo correspondente en proxectos de I+D obtidos nas convocatorias públicas competitivas, tendo en conta a participación da persoa candidata (IP, equipo investigador ou colaborador) e a modalidade da convocatoria (universitaria/autonómica/nacional/internacional). Non se valoran as participacións só xustificadas polo IP do proxecto.
- e) Outros méritos (bolsas de colaboración, estadías de investigación, actividades de investigación ou transferencia, cursos de investigación recibidos, etc.): ata 1 punto.
A persoa candidata elixirá o mérito de maior relevancia. A CEA acorda considerar para a súa puntuación unicamente méritos que teñan relación directa co desenvolvemento do campo de actividade da Análise Xeográfica Rexional. Tamén se poderá valorar neste apartado a acreditación a PAD.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS

Cada un dos apartados de cada bloque suporá un mérito a efectos de presentación de méritos por parte das persoas candidatas, segun o indica o Anexo I da normativa. Para cada mérito presentado, a persoa candidata terá que explicar a relevancia do mérito elixido para a listaxe de agarda á que se está a presentar e introducirá, así mesmo, a puntuación que este supón, dacordo co baremo aquí relacionado e coa documentación aportada.

..... Ourense, 20 de Abril de 2026

Presidente /a
Asdo:

Secretario / a
Asdo:

Vogal
Asdo:

De ser o caso,
Rep. Trab. (con voz e sen voto)
Asdo: